

6 de setembro de 2006. O Parlamento Galego ven de aprobar, coa unanimidade dos tres grupos, unha proposición non de Lei do BNG que declara Galiza como
TERRITORIO DESNUCLEARIZADO
. Isto implica que no noso país
non se poderán construir centrais nucleares
, nin
cemiterios de refugallos
–eufemísticamente chamados
Almacéns Temporais Centralizados
-, así como
impedir o paso
polo noso mar e aire de naves con
refugallos
ou
armamento nuclear
. Ínstase tamén ao goberno central a abandonar o uso da enerxía nuclear e a apostar por fontes alternativas.

Esta decisión do Parlamento resposta ao anceio da cidadanía galega que, dende o ano **1973** coa loita contra a a instalación da
Central Nuclear de Xove
e coas grandes mobilizacións dos anos
1981 e 1982
contra os
vertidos radiactivos na foxa atlántica
, expresou claramente a súa vontade de rexeitar no noso país calquera tipo de instalación derivada do uso da enerxía nuclear.

ADEGA congratúlase desta decisión, agardando que o governo do estado, ao fío tamén do expresado polo seu Presidente, manteña por unha banda o seu compromiso de
non construir máis centrais nucleares
e, por outra, respecte a decisión unánime do máximo órgano da soberanía popular de Galiza. Neste senso, ADEGA vixiará porque esta declaración non quede valeira de contido nen sexa desouvida atendendo a “intereses xerais” alleos á cidadanía e ao medio ambiente de Galiza.

ADEGA quere lembrar finalmente que hai
alternativas á enerxía nuclear
e que os fondos públicos consumidos na construcción de centrais e na xestión dos seus refugallos son moito máis rendíbeis investidos no
aforro e a eficiencia
enerxética, a promoción e a investigación en fontes de
enerxía renovábeis
.